



ANUNCIO PUBLICACIÓN CRITERIOS XERAIS DE VALORACIÓN PARA A PROBA PRÁCTICA DA FASE DE OPOSICIÓN PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL, EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, (LIÑA 3 : ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2025). 1 AXUDANTE DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE

Na xuntanza celebrada na Casa do Concello, ás 09.00 horas do día 26 de marzo do 2025, o tribunal cualificador constituído para a selección de 1 axudante de servizos para ACTUACIÓNS DE ELECTRICIDADE dentro do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan máis provincia) para a activación do emprego da Deputación Provincial 2025 (Liña 3), acordou establecer, de acordo coa base sétima da Bases aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2025 – 0811, do 6 de marzo do 2025, os seguintes criterios xerais de valoración que rexerán na realización da fase de oposición, de carácter obrigatoria e eliminatoria, que se celebrará o día **31 de marzo de 2025**, ás 10:00 horas, no ALMACÉN DE VÍAS E OBRAS, sito no camiño do Xote, 15, Cesantes, Redondela.

PROBA PRÁCTICA consistente na resolución de 6 supostos relacionados coas funcións propias do posto.

Tempo para a súa realización: 20 minutos.

Valoraranse a utilización de elementos de medida, coñecemento de elementos de alumeadado público e a súa montaxe.

A puntuación total de esta proba será de 20 puntos.

Para ser cualificado/a como apto/a será preciso acadar nesta fase de oposición un mínimo de 10 puntos.

Non se poderá acudir a esta proba con ningún tipo de material. Todo o material será subministrado polos membros do Tribunal.

